


A banda deseñada, cómic, historieta é un arte secuencial que trata un relato empregando maioritariamente imaxes, pode aparecer letra tamén.

Se falamos do orixe, hai xente que determina o orixe do cómic no “The yellow kid”. Este foi o personaxe principal da serie Hogan's Alley, unha [tira de prensa estadounidense](#) creada por [Richard F. Outcault](#), que foi publicada entre 1895-98.



Imaxes de “The yellow kid”

Si que é certo que “The yellow kid” é a referencia máis aceptada como orixe do cómic, pero se miramos a oriente, aparece Hokkusai.

Este pintor e gravador xaponés é o que acuñará o termo manga (漫画 ou tamén マンガ, まんが) que é como en Xapón denomina á banda deseñada.

Manga significa: garabatos, eses debuxos que fas case xogando.


Pouco a pouco cada cultura debuxou a súa banda deseñada, mira estes exemplos

Asia, poñamos por exemplo Xapón:

Shonen Jump é unha revista da editorial Shueisha, na que se publicou Dragon Ball, Akira... pero aparte destas grandes empresas, aparecen os “[dōjinshis](#)”, independentes.


É tan importante esta arte seriada en Xapón que ten certames como “Comiket” o congreso de ilustración máis importante do mundo.

Unha artista iraniana é Marjane Satrapi, creadora de Persépolis, que está a medio camiño entre oriente medio e Europa, xa que vive en Francia onde traballa.



En Europa

Aparecen unha serie de autores de gran prestixio e con obras moi de autor, cada unha tiña un selo diferencial, por exemplo en Bélxica sobresae Hergé (Georges Rémi) con Tintín, pero non é o único xa que no semanario “Le journal de Spirou” aparecerán personaxes míticos como o mesmo Spirou, de Rob-Vel, ou “Les Schtroumpfs” (Os pitufos) de Peyo (Pierre Culliford).



Asterix e Obélix á esquerda e Agripina de Claire Bretécher á dereita

En Francia destacaremos “Asterix e Obélix” de Goscinny(guionista) e Uderzo (ilustración). Do grandísimo debuxante Moebius, do que compre destacar “O garaxe hermético” (que dará o nome ao taller de comic de Kiko da Silva en Pontevedra). Ou Claire Bretécher como unha das pioneras do cómic social.

En Italia destacamos a Hugo Pratt e ao seu personaxe “Corto Maltese” (1967) e Milo Manara, que destacaría co seu debuxo.



En Portugal destacaremos ao ilustrador “Stuart”.

A banda deseñada no Reino Unido, no que as revistas de cómics foron moi importantes. Quero destacar “Comic Cuts” ou “Chip”. Pero tardaron en chegar aos xornais, iso si, cando chegaron fixeron evolucionar a sátira política. Teño que destacar a Purita Campos, creadora de “Esther y su mundo”, e outras historietas semellantes que triunfaron nos anos 80. Sitúo a Purita Campos no Reino Unido porque traballa desde alá.


Páxina de “Esther y su mundo”




En España temos que destacar que en 1917 comeza a publicarse o TBO que cambia o concepto de viñeta e banda deseñada por moitos anos, aparecerá a revista Pulgarcito na que se publicarán “Zipi y Zape” e “Carpanta” ambos de Escobar, “Anacleto, agente secreto” de Manuel Vázquez e “Mortadelo y Filemón” de Francisco Ibáñez.



Arriba “Zipi y Zape” (viñeta) e abaixo Mortadelo e Filemón, detalle de páxina.



Importante destacar en Galicia a Xaquín Marín, Carrabouxo e Miguelanxo Prado.
Recoméndoches “De Profundis” que o tes na biblioteca.



<https://youtu.be/vyhakiu4ftE>

En Galicia Castelao é unha figura moi importante na historia da arte seriada, mira este enlace:
<https://www.realacademiabellasartessanfernando.com/assets/docs/pdf/Cat%C3%A1logo%20Castelao%20grafista.pdf>

Breve historia da banda deseñada galega:

<http://www.komic.es/es/lecturas/720-os-pioneiros-da-banda-desenada-galega-1971-1979-xulio-carballo.html>

Banda deseñada galega, autores, publicacións e certames:

<http://culturagalega.gal/bd/>